

Xerencia



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Vista a proposta de designación dunha asesora especialista que, con data 25 de xuño de 2021, formula o Tribunal cualificador das probas selectivas para a provisión de prazas da Escala Técnica Auxiliar (subescala Auxiliar de Servizos) da Universidade da Coruña, convocadas por Resolución de 28 de xuño de 2019, para colaborar con este tribunal

Esta Xerencia, en uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e tendo en conta o previsto no art. 7º do Decreto 95/1991, de 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) que aproba o regulamento de selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia,

RESOLVE:

Nomear asesora do devandito tribunal a Sara Pino Ramos, técnica de normalización lingüística, para prestar apoio na elaboración e corrección do 1º exercicio da fase de oposición, co dereito a percibir por este cometido unha gratificación igual a que percibe un vogal deste tribunal por cada sesión.

A Coruña, 8 de xullo de 2021
O xerente,

Ramón del Valle López